

PERICOT E A ARQUEOLOXÍA GALEGA: ENSAO DE APROXIMACIÓN

Por Xosé-Lois ARMADA PITA

Departamento de Humanidades
Universidade da Coruña

Abstract: The aim of this article is to study the relationship of Luis Pericot (1899-1978) with the archaeology of Galicia. Pericot was one of the most important archaeologists in Spain during the last century and he taught as Professor in the University of Santiago for eighteen months (1925-27). The following years, Pericot kept in contact with Galician prehistorians and wrote about Galician archaeology several times.

Keywords: Galician prehistory; history of archaeology; Federico Maciñeira; University of Santiago; Troña hillfort.

Este artigo pretende analizar someramente as relacións de Lluís Pericot (1899-1978) coa arqueoloxía galega, que acadan o seus intres de maior intensidade na súa etapa como catedrático na Universidade de Santiago de Compostela (1925-27). Pericot foi un dos membros más destacados da chamada *escola catalana* de arqueoloxía, fundada por Pere Bosch Gimpera e que dende hai anos vén sendo obxecto de diversos estudos (Comas, 1963; Cortadella, 1991; Díaz-Andreu, 1995; Mederos, 1999; Sanmartí-Grego, 1999; Gracia Alonso e Munilla, 2000; Rovira i Port, 2000; Gracia Alonso, 2001).

Os traballos historiográficos consagrados á figura de Pericot adican moi pouco espazo á súa etapa en Galicia (Ripoll Perelló, 1979-80; Cebrià, 1999; Consell, 1999; Pasamar e Peiró, 2002: 488-90). A de Santiago de Compostela foi a primeira cátedra ocupada por este profesor, que ata entón viña ensinando na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Barcelona, primeiro como axudante interino gratuito (1919-1922) e dende 1922 como auxiliar temporal por oposición. Dende Compostela, Pericot marcha á Universidade de Valencia (1927) ó obter a cátedra,

por concurso de traslado, de Historia Moderna e Contemporánea de España. Retorna a Barcelona en 1933, primeiro como catedrático agregado de Etnoloxía da recién creada Universidade Autónoma e más tarde, solicitada a excedencia voluntaria de Valencia, como catedrático de Historia Moderna e Contemporánea de España na Universidade de Barcelona (1934). Producido o golpe franquista, o profesor catalán é rehabilitado trala depuración de 1940, ocupando por concurso as cátedras de Historia Antiga e Media de España (1943) e a de Prehistoria (1944) ata a súa xubilación en setembro de 1969. Entre os postos que ocupou ó longo da súa vida, ten unha especial relevancia –polo traballo arqueolóxico emanado do mesmo– o de Subdirector do Servicio de Investigación Prehistórica da Diputación Provincial de Valencia (Pasamar e Peiró, 2002: 489).

Pese á notoria escasez de datos sobre os vínculos de Pericot coa arqueoloxía galega, debo recoñecer que escribir este artigo non entraba nas miñas previsións ata datas bastante recentes. Dos feitos e circunstancias relacionados co paso de Pericot pola universidade compostelá eu coñecía principalmente as escavacións en Troña, as súas relacións con Maciñeira e a súa intervención para que fosen restaurados os vasos campaniformes da colección De la Iglesia, cuestións as dúas últimas das que me ocupei brevemente no artigo consagrado ó primeiro destes dous investigadores galegos (Armada, 2003). Pero hai uns meses, M. Díaz-Andreu consultoume diversas dúbidas sobre catedráticos composteláns para a elaboración dun listado cos catedráticos de Prehistoria e Arqueoloxía nas universidades españolas durante o século XX (Díaz-Andreu, no prelo). Esto levoume a solicitar o expediente persoal de Pericot no Arquivo Histórico Universitario da USC. Dito expediente, de entrada, amosaba que a incorporación do arqueólogo catalán á Universidade de Santiago tivera lugar en 1925 e, polo tanto, contradecía o dato publicado con anterioridade relativo a que este feito se produxera en 1923 (Barreiro, 1993: 190; Armada, 1999: 250). Alén diso, ofrecía un dato interesante relativo á concesión dunha bolsa por parte desta institución para o estudo das relacións prehistóricas entre Galicia e as Illas Británicas, tema xa en auxe por aqueles anos. Durante os meses seguintes, fun recollendo información relativa á etapa de Pericot en Galicia, pensando xa en escribir algo ó respecto. Finalmente, a publicación das cartas de Bosch Gimpera a Pericot (Gracia Alonso *et al.*, 2002), acompañada de diversos estudios introductorios (Gracia Alonso, 2002; Fullola, 2002; Vilanova, 2002) ofrece datos de notable interese para a análise desta cuestión.

As relacións de Pericot coa arqueoloxía galega resultaron ser más intensas e relevantes do que inicialmente eu podía sospeitar. Diversas circunstancias impidérmelme abordar agora esta cuestión coa profundidade que sería deseable, pero considero que o breve antícpio aquí exposto supón ó menos un gran de area nesa irrenunciable tarefa que é historiar a arqueoloxía galega en particular e a peninsular en xeral. Como ben afirma Ruiz Zapatero, «*uno de los indicadores de la madurez de una disciplina científica es, sin duda alguna, la existencia de una historia de su construcción disciplinar*» (Ruiz Zapatero, 2002: 15) e, nese sentido,

a arqueoloxía galega ten un logo camiño por percorrer en canto a análise e publicación de documentación inédita, revisión crítica da metodoloxía de intervención e investigación, estudo do proceso de institucionalización da disciplina, xénesis e evolución dos museos, etc.; temas, estes e outros, que hoxendía podemos considerar básicos dende o punto de vista da historiografía arqueolóxica (Díaz-Andreu e Mora, 1997; Olmos, 1997).

O CONTEXTO: A ARQUEOLOXÍA NAS PRIMEIRAS TRES DÉCADAS DO SÉCULO XX

Unhas referencias ó contexto disciplinar español e galego axudan a situar a breve estadía de Pericot na Universidade de Santiago, o seu impacto e repercusións posteriores. A nivel estatal, a primeira estructuración da arqueoloxía ten lugar durante as dúas primeiras décadas do século XX. Os tres aspectos relevantes que cabe considerar, segundo Ruiz Zapatero (1993: 46s), son: 1) a creación de cátedras ocupadas, por vez primeira, por prehistoriadores; 2) o establecemento da primeira lexislación arqueolóxica, coa Lei do 7 de xullo de 1911 (normativa básica de escavacións e da conservación de restos e monumentos arqueolóxicos) e o Real Decreto do 1 de marzo de 1912; e 3) a creación dos primeiros organismos estatais e institucións de investigación arqueolóxica (*Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades* en 1912, e *Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas e Servei d'Investigacions Arqueològiques de l'Institut d'Estudis Catalans* en 1913). O marco que progresivamente se vai configurando durante estas primeiras décadas de século québrase de xeito radical co alzamento franquista, que impón cambios bastante drásticos na vida académica e na organización da arqueoloxía (Díaz-Andreu, 2002: 89-101 e no prelo; Fontana, 2001: 257-59).

Dende o punto de vista universitario, os dous focos iniciais de relevancia son Barcelona e Madrid. O primeiro aglutínase en torno á figura de P. Bosch Gimpera, catedrático desde 1916 (Pericot, 1963: 362; Moure Romanillo, 1996: 30); será el quen forme e lidere ata a victoria franquista a *escola catalana*, influenciada polo pensamento arqueolóxico alemán, con discípulos como Pericot ou Serra Ràfols (Díaz-Andreu, 2002: 41). En Madrid destaca a creación da cátedra de Historia Primitiva del Hombre en 1922, a cargo de Hugo Obermaier dende ese momento ata 1936 (Moure Romanillo, 1996: 30-35; Ruiz Zapatero *et al.*, 1997: 667s).

A situación en Galicia, por aquel entón, pode considerarse notablemente precaria. Co gallo dunhas xornadas celebradas en Santiago, o propio Pericot referirase a elo nos últimos anos da súa vida: «*Es fácil imaginar el panorama que se presentaba ante nuestro entusiasmo juvenil. Unos pocos aficionados mantenían una tradición asaz pobre en medios y en resultados. Recordemos la excelente escuela de don Marcelo Macías para la época romana. Para la etapa prehistórica habríamos de reseñar los nombres de Otero Pedrayo, Vicente Risco, y sobre todo*

Cuevillas, a cuyo lado empezaba a darse a conocer Bouza Brey, en un grupo meridional, concretamente orensano. Mientras en La Coruña y su ámbito, destacaban los nombres de Ángel del Castillo, La Iglesia y Maciñeira. El Seminario de Estudios Gallegos y la revista 'Nós' preludiaban una etapa de creciente actividad y de interés arqueológico. Salvo algunas tareas iniciales como el Catálogo de castros en que estaba empeñado Cuevillas, o el repertorio de insculturas que Sobrino iniciaba, el panorama era más bien pobre» (Pericot, 1975: 43).

A práctica arqueolóxica nestes primeiros anos do século XX é relativamente escasa. Sen dúbida, unha das figuras clave nestes anos é Federico Maciñeira (1870-1943), que desenvolve por entón diferentes traballos de prospección e escavación. Porén, nos anos inmediatamente anteriores á chegada de Pericot algunas cousas comezan a mudar. Nelo ten bastante que ver a viaxe realizada por Hugo Obermaier a Galicia en 1922, no mesmo ano no que se crea a sección de Historia na facultade de Filosofía e Letras da USC (Barreiro, 1993: 190). Obermaier viña de gañar a cátedra na Universidade de Madrid cando é convidado pola universidade compostelá para pronunciar un ciclo de conferencias. O profesor austriaco invíte cinco semanas para a preparación das mesmas, durante as cais percorre as catro provincias galegas visitando museos, coleccións particulares e xacementos (Fernández Ibáñez e Fábregas, 1996: 101). Desta viaxe derívase a publicación de «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia» (Obermaier, 1923), un traballo que se considera a primeira síntese rigurosa da prehistoria galega e que supón «*un giro definitivo en la forma de ver, orientar y elaborar la arqueología del país*» (Fernández Ibáñez e Fábregas, 1996: 100).

Por unha feliz coincidencia, neste mesmo ano de 1923 créase o Seminario de Estudos Galegos, que inmediatamente comeza a traballar en temas arqueolóxicos dando lugar poucos anos máis tarde á publicación dunha nova síntese (López Cuevillas e Bouza Brey, 1929). Non en van, en 1922 Risco e Cuevillas aparecen xa como solicitantes á Junta Superior de Excavaciones Arqueológicas dun permiso de escavación para San Cibrán de Las (Díaz-Andreu, 1997: 407). Como é sobradamente coñecido, o traballo do Seminario resultará clave para o avance da arqueoloxía en Galicia (Prado Fernández, 1997; Mato, 2001); dende o punto de vista organizativo, convén subliñar que esta institución crea en 1926 as seccións de Prehistoria (dirixida por Cuevillas) e Arqueoloxía e Historia da Arte (a cuio frente se atopa X. Carro García). Como logo veremos, Pericot traerá como un dos seus principais obxectivos contactar e colaborar cos homes do Seminario para potenciar os traballos arqueolóxicos en Galicia.

Estes anos coinciden coa volta de Maciñeira ó campo da publicación arqueolóxica, pois cómpre subliñar que entre 1911 e 1921 o investigador ortegano non tira do prelo nin un só traballo sobre temas de prehistoria e arqueoloxía. Pero os primeiros anos 20 supoñen un intenso retorno de Maciñeira á primeira liña da investigación, na que se manterá xa ata os últimos anos da súa vida. É precisamente naquelhas datas cando aparece o seu importante artigo sobre as relacións

prehistóricas entre Galicia e as Illas Británicas (Maciñeira, 1924), un tema en auxe por entón e no que Pericot se amosará moi interesado.

LLUÍS PERICOT, CATEDRÁTICO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo consta nos seus expedientes persoais das universidades de Santiago e Valencia, Pericot incorpórarse á Universidade de Santiago «en virtud de oposición» como «Catedrático Numerario de Historia Antigua y Media de España con su acumulación de Historia Moderna y Contemporánea de España» (expediente Arquivo Histórico Universitario da USC, leg. 1082), denominación que se ten definido como «una reminiscència del segle XIX» (Ripoll Perelló, 1979-80: 509, n. 8). O profesor catalán é nomeado o día 9 de decembro de 1925 e toma posesión do cargo o 8 de xaneiro de 1926, exercendo ademais como secretario da facultade de Filosofía e Letras dende o 31 de xaneiro de 1927. Fica como catedrático na cidade compostelá ata o 27 de xuño dese mesmo ano, data na que é nomeado por concurso de traslado *Catedrático Numerario de Historia Moderna y Contemporánea de España* da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Valencia, á que se incorpora tomando posesión o día 1 de agosto de 1927.

Para entender a complexa denominación da cátedra de Pericot debemos ter en conta que a comezos da década de 1920 o concepto de Prehistoria non estaba consensuado nin como período de tempo nin como ciencia (Moure Romanillo, 1996: 30). En 1922, coincidindo coa incorporación de Obermaier á cátedra de Madrid, inclúese a Prehistoria no currículum docente, pero só a nivel de cursos de doutorado; evidentemente, a nivel extraoficial esta integración produxérase con anterioridade (Díaz-Andreu, 1997: 404).

O mestre P. Bosch Gimpera forma parte do tribunal que concede a cátedra de Santiago a Pericot, o que a xuízo deste mesmo ten unha importancia «decisiva» (Pericot, 1963: 367). A lectura da correspondencia de Bosch a Pericot pon de manifesto o seu interese pola arqueoloxía galega e, de aí, os seus esforzos para situar estratexicamente ó seu principal discípulo na cátedra compostelá. Nunha carta do 24 de xaneiro de 1918 Bosch interésase por un libro de Barros Sivelo (Gracia et al., 2002: 94, carta 2). Máis tarde, o 23 de xullo de 1922 acusa recibo dunha carta de Ángel del Castillo na que se inclúe o catálogo de materiais da colección de S. de la Iglesia, a raíz do cal Bosch aproveita para exporlle algunas consideracións a Pericot: «Avui arriba una carta del Sr. del Castillo de La Coruña incloent un catàleg d'una col.lecció del Sr. Laiglesia del Ferrol en el qual es parla del vas campaniforme de tipus pirenenc que al Murgua no queda clar a on es troba. Figuris que resulta que s'ha trobat al sepulcre de Puentes de García Rodríguez (prov. de Coruña). Això vol dir que el susodicho sepulcre resulta Eneolític i ja no tenim aixís cap garantía de l'extensió de la cultura megalítica per Galicia abans'de l'Eneolític.

Cal doncs modificar els mapes deixant en blanc Galicia al Neolític i Eneolític inicial i colocar el sep. de Puentes de García Rodríguez a l'Eneolític plé, suprimint aquell signe de troballa solta que hi representava el sep. de Puentes de García Rodríguez» (Gracia et al., 2002: 131s, carta 26).

Poucos meses máis tarde, nese mesmo ano (24-12-1922), Bosch coméntalle que acaba de enterarse da convocatoria da cátedra de Santiago, «*on s'hi ha creat la secció d'Història*», e aconséllalle que concurse («*em sembla que seria un gran truc que s'hi presentès*») tendo en conta as expectativas favorables que concorren nese momento («*em sembla que podria anar preparat com ningú*») (Gracia et al., 2002: 141s, carta 28). En posteriores cartas alude novamente, implícita ou explicitamente, ás oposicións para a sobredita cátedra (Gracia et al., 2002: 151s, 160, cartas 35 e 44).

Gañada a cátedra, Pericot recibe unha misiva de felicitación asinada por Bosch, Serra Ràfols, Esteve e Colominas («*Després d'un monumental vermouth en honor del nou catedràtic de Santiago l'enviem la nostra més paleolítica felicitació*») (Gracia et al., 2002: 161, carta 46). Na seguinte carta vese a un Bosch eufórico ante as amplas expectativas de investigación que se lle abren ó seu discípulo, o «home da prehistoria» en Galicia: «*M'alegro molt de que li vagi bé per aquí i de que hi hagin perspectives de treball. Té la gran ocasió de cobrirse de gloria, doncs es un terreno quasi verge si bé hi ha la feina preparada V. pot ser l'home de la Prehistòria a Galicia. Endavant!*» (Gracia et al., 2002: 162, carta 47).

O interese de Bosch Gimpera pola actividade de Pericot e a arqueoloxía galega é constante. Así, envíalle un exemplar das *Fontes Hispaniae* para Armando Cotarelo e pregúntalle por «*Sr. Maciñeira d'Ortigueira*» (Gracia et al., 2002: 165s, carta 48); opina sobre gravados rupestres galegos (Gracia et al., 2002: 170, carta 53); plantexa a posibilidade de viaxar a Galicia (Gracia et al., 2002: 177, carta 58); e comenta con Pericot diversos aspectos da súa vida como catedrático en Santiago (Gracia et al., 2002: 175, 178, cartas 56 e 58).

Pero en abril de 1927 prodúcese unha forte crise entre mestre e discípulo (Gracia, 2002: 20). Pericot, por causas familiares relacionadas cun problemático embarazo da súa dona (que rematará co nacemento dun fillo morto en xuño de 1927) (Fullola, 2002: 50), decide solicitar o seu traslado a Valencia para ostentar a cátedra de historia moderna e contemporánea, o que lle resulta posible ó aproveitar as «acumulacións» da cátedra compostelá. Bosch oponse frontalmente a esta decisión e expón o seu posicionamento nunha contundente carta (reproducida nun apéndice ó final deste artigo) que dirixe a Pericot con data do primeiro de abril de 1927. Segundo o mestre, «*está en un lloc a on hi ha mil coses que fer i que li poden donar un nom reputat internacionalment si ho deixa indubtablement comet una deserció*» (Gracia et al., 2002: 183, carta 59). En palabras do propio Pericot, «*fui objeto de severas críticas por parte de mis colegas barceloneses, los cuales dieron con ello por acabada mi vida científica*» (Pericot, 1975: 44).

A relación con Bosch, polo demais, segue a ser fluida e pouco despois, en carta do 7 de xuño de 1927, o mestre felicita a Pericot polos seus traballos en Troña e

pregúntalle polo achádego da suposta lúnula de Allariz: «*Abans no vingui voldria fer el favor d'aclarir si es veritat que s'ha trovat una 'lumula' irlandesa a Galicia (Dolmen de Allariz)? En Berner en parla a través de un article de Breuil, el qual al seu torn ho coneix a través de Barros Silvelo 'Antigüedades de Galicia'. En convindria molt saber-ho aviat. Mercès avançadas*» (Gracia et al., 2002: 186, carta 62).

En posteriores cartas que Bosch dirixe a Pericot atopamos unha mención ó castro de Sta. Trega (Gracia et al., 2002: 194, carta 72), o acuse de recibo dunha postal de Mondariz enviada por Pericot en 1930 co gallo das súas escavacións en Troña (Gracia et al., 2002: 202, carta 82), a referencia ás insculturas rupestres galegas (Gracia et al., 2002: 253, carta 118) ou ó Congreso Nacional de Arqueoloxía de 1953 (Gracia et al., 2002: 327, carta 179).

Durante a curta etapa como catedrático en Santiago, apenas 18 meses, Pericot desenvolve unha fructífera actividade. Contacta coas principais figuras da arqueoloxía galega, visita coleccións arqueolóxicas (como as de S. de la Iglesia e F. Maciñeira) e museos (sobre o de Ourense cf. Gracia et al., 2002: 167, carta 51), intervén para que sexan restaurados en Barcelona os vasos campaniformes da colección De la Iglesia e inicia escavacións no castro de Troña, que continuará durante algunas campañas como catedrático da Universidad de Valencia.

Tamén durante esta etapa en Santiago, Pericot, animado polo seu mestre Bosch, realiza unha prolongada viaxe de estudos ó extranxeiro, en dúas fases, para investigar as relacións atlánticas prehistóricas a través do gravado rupestre. Segundo consta no seu expediente persoal da USC, «*Por RO el 13 de noviembre de 1926 le fue concedida una pensión por 45 días para estudiar en Inglaterra e Irlanda las relaciones de estos países con Galicia durante la época prehistórica siéndole prorrogada la pensión por un mes (por RO de 3 de enero de 1927) para continuar las investigaciones en Francia*». Pola súa parte, documentación depositada na JAE (15 de febreiro de 1931) consigna a concesión da pensión por parte da USC para estudiar «*durante dos meses y medio en Francia, Inglaterra, Escocia e Irlanda las relaciones entre Galicia y las comarcas atlánticas durante las épocas prehistóricas*» (cf. Díaz-Andreu, 1997: 413). Como afirma o propio beneficiario bastantes anos máis tarde: «*había realizado un viaje de estudios a Inglaterra, Escocia e Irlanda, y otro a Bretaña en busca de información para el estudio del grabado atlántico*» (Pericot, 1975: 44). Nalgunha que outra publicación Pericot fai alusión ós resultados destas estadías de traballo (Pericot, 1930a: 87; 1930c: 90) e nunha carta a Maciñeira, do ano 1940, afirma que «*espero tener tiempo algún día para publicar las notas que he ido recogiendo sobre relaciones arqueológicas entre las tierras atlánticas del Occidente*» (cf. apéndice).

O campo de investigación escollido por Pericot na súa etapa como catedrático en Santiago, e máis concretamente durante os días pensionado no extranxeiro pola propia USC, debe contextualizarse na tradición atlantista vixente naqueles anos, que rematará dando lugar, a mediados do s. XX, a traballos de investigación como os de J. Martínez Santa-Olalla ou E. MacWhite, así como ó acuñamento do

concepto de Bronce atlántico polo propio Santa-Olalla (Bettencourt, 1998: 18s; Fernández-Posse, 1998: 26). Non en van, a estructuración do mundo atlántico na historiografía española da Idade do Bronce débese ó propio Bosch Gimpera, autor que xa realiza aportacións nesta dirección en 1920 (Fernández-Posse, 1998: 25). En Galicia, as cousas van por unha dirección bastante similar. En 1924, F. Maciñeira publica o seu interesante traballo sobre as relacións marítimas entre Galicia e as Illas Británicas durante a prehistoria (Maciñeira, 1924), tema sobre o que voltará en diversas ocasións. Neses anos aparecen aquí outros traballos na mesma dirección (García Romero, 1925), contexto historiográfico que pode axudar a explicar que a síntese publicada en 1929 por Cuevillas e Bouza manteña un enfoque que enfatiza as relacións atlánticas de Galicia na prehistoria (López Cuevillas e Bouza Brey, 1929).

As relacións de Pericot con Galicia non rematan co seu traslado voluntario a Valencia. Como veremos a continuación, continúa durante uns anos dirixindo as escavacións do castro de Troña. En 1930 publica catro recensións no *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* (Pericot, 1930a, 1930b, 1930c e 1930d), así como dúas breves noticias sobre as escavacións en Troña (Pericot, 1930e) e os achádegos recentes no Levante español (Pericot, 1930f) que, aínda que sen firmar, tamén son atribuibles ó profesor catalán (Ripoll Perelló *et al.*, 1979-80: 521). Con motivo dalgunhas recensións en *Ampurias*, Pericot segue a ter presente diversos aspectos da arqueoloxía galega, como os campaniformes de As Pontes de García Rodríguez (Pericot, 1944b: 379) ou o depósito de Hío (Pericot, 1944c: 380). Tamén en *Ampurias* reseña un artigo de A. do Paço publicado no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (Pericot, 1945-46) e outro traballo de Cuevillas, a quen chama «*el sistematizador de la Prehistoria gallega*» (Pericot, 1947-48). Precisamente no libro de homenaxe a Cuevillas publica un artigo sobre os microburís temperáns (Pericot, 1957), tirando do prelo moi pouco máis tarde outro traballo sobre as súas vivencias persoais ó lado deste prehistoriador galego, no número que lle adica o *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (Pericot, 1959-60). Previamente, en 1950 Pericot visitara Galicia con motivo dun ciclo de conferencias, ficando na casa de Cuevillas (Pericot, 1959-60: 47); tres anos máis tarde, en xullo de 1953, volta co gallo do Congreso Nacional de Arqueología (Pericot, 1959-60: 48; Gracia *et al.*, 2002: 327, carta 179). Finalmente, en 1973 aparece de novo en Galicia para intervir como convidado nas *Primeras jornadas de metodología aplicada de las ciencias históricas*, publicando nas súas actas un artigo no que narra sucentamente a súa etapa como catedrático en Galicia (Pericot, 1975).

Dende o punto de vista administrativo, a súa relación coa Universidade de Santiago non remata coa súa marcha a Valencia. Anos máis tarde, e trala victoria franquista, Pericot vese obrigado a reclamar da institución compostelá un informe para salvar o proceso de depuración, conseguindo que o xuíz instructor demandase a súa readmisión sen sanción o 8 de outubro de 1940, aínda que non recibe a confirmación oficial ata algún tempo despois (Gracia Alonso, 2002: 25; Fullola,

2002: 52). Nunha carta que Pericot dirixe nese mesmo ano a F. Maciñeira (vid. apéndice) aprécianse claramente os temores e preocupacións do autor ante os acontecementos que se están a vivir.

Diversos autores teñen glosado brevemente a etapa de Pericot en Galicia, como por exemplo Augusto Assía (1979). Antonio Fraguas ten afirmado do prehistoriador catalán que se lle lembraba con moito cariño e que «*de continuar en Santiago houbera formado unha gran escola*» (Fraguas, 1968: 340). E outro efímero catedrático compostelán, Alberto Balil, traerá a colación algunas declaracions de Pericot ó trazar o estado da cuestión das investigacións sobre a Galicia romana: «*Como ha señalado el Prof. Pericot en varias ocasiones, hacia 1925, la ‘ciencia oficial’ consideraba Galicia como una región de arqueología casi desconocida y cuyo aislamiento requería aún, como en otras tierras periféricas, la realización de ‘Viajes Arqueológicos’*» (Balil, 1973: 165s). Pola súa parte, o propio Pericot sublinhará nos últimos anos da súa vida que «*toda ocasión de volver a la Universidad donde inicié mi labor de catedrático la consideré como un privilegio*» (Pericot, 1975: 43).

AS APORTACIÓN Á ARQUEOLOXÍA GALEGA

Tal como tivemos ocasión de comprobar, Pericot chega a Galicia coa sensación de atoparse ante unha zona virxe para o traballo arqueolóxico e, polo tanto, con grandes posibilidades de investigación. En diversos momentos da súa vida, xa lonxe de Santiago, expón determinadas carencias e necesidades, como «*la falta de una obra de conjunto sobre las insculturas gallegas*» (Pericot, 1930a: 88). Con motivo da recensión dun libro sobre gravados rupestres do Morbihan, expón as pautas metodolóxicas para o estudo da arte rupestre galega: «*Tenemos, pues, el camino a seguir para las insculturas gallegas: se impone primero el publicarlas en dicha forma, luego el compararlas con las restantes conocidas, cosa que nadie ha hecho todavía de manera satisfactoria. Sólo en último término y tras un conocimiento profundo de semejanzas y diferencias ha de ser permitido intentar una teoría explicativa de las mismas, huyéndose siempre de relaciones fantásticas y lejanas, basadas en la semejanza de algunas figuras, para las que debe admitirse la convergencia antes que la derivación*

O catedrático catalán ponse a traballar en arqueoloxía galega tan pronto como chega a Santiago, visitando museos, contactando con diversos investigadores, etc. Obviamente, no marcho destas relacións inclúese o Seminario de Estudos Galegos: «*Naturalmente, una de mis primeras misiones al ir a ocupar en los primeros días de 1926 la cátedra que acababa de ganar en la universidad compostelana, en la que insistían mis maestros Bosch Gimpera y Obermaier, era la de ponerme en contacto con Cuevillas e impulsar en el cauce científico la labor*

que el grupo de arqueólogos encuadrados en el Seminario de Estudios Gallegos estaba desarrollando» (Pericot, 1959-60: 45s). Tamén en 1926 visita en Ortigueira a Federico Maciñeira, para coñecer a súa colección e intercambiar impresións sobre temas arqueolóxicos; previamente, Pericot diríxese por carta a Maciñeira (vid. apéndice) para procurar unha data. En diversas ocasións, Maciñeira referirse a este encontro (Maciñeira, 1929: 27; 1941: 363).

Un contacto que dará fructíferos resultados é o que establece con Santiago de la Iglesia, que rematará doando a súa colección de materiais arqueolóxicos á Universidade de Santiago tralas xestións do propio Pericot (Pericot, 1975: 44; Armada, 2003). De la Iglesia, médico afincado en Ferrol, practicara en xullo de 1873 sondaxes nalgúns túmulos de As Pontes de García Rodríguez, recuperando nun túmulo de terra limpa (ou dous segundo a opinión de Pericot, 1927: 286, n. 4) os fragmentos de dous vasos campaniformes de tipo Internacional (Criado e Vázquez Varela, 1993: 16-19; Maciñeira, 1941; Armada, 2003). Sen embargo, os fragmentos foron reconstruídos polo seu escavador como pertencentes a un único vaso, dando lugar a unha curiosa reconstrucción que coñecemos pola fotografía reproducida nun artigo seu (Iglesia, 1907: 61), onde aparece descrito como «ánfora de barro rojo, torneada, de 28 centímetros de altura, con dibujo de líneas y puntos» (Iglesia, 1907: 65).

Na súa visita á colección decátase de «ciertas diferencias en la decoración que observamos entre la parte superior del supuesto vaso y la inferior, diferencias notadas ya por el Sr. La Iglesia y que según confesión suya le hacían dudar ya de la exactitud de la restauración» (Pericot, 1927: 283). Ademais delo, a restauración, realizada mediante lacres e cartóns, «producía un penoso efecto» (Pericot, 1927: 283), o que leva a Pericot a suxerirle o traslado do vaso ó Servicio de Investigaciones Arqueológicas de la Diputación de Barcelona, dirixido por P. Bosch Gimpera. Allí constátase a existencia de dous vasos, que son obxecto dunha segunda restauración na que se obteñen «moldes de ambos con lo que podrán sacarse copias que permitan a los diversos museos europeos con quienes dicho Servicio se halla en relación, conocer los vasos campaniformes gallegos» (Pericot, 1927: 284). Nesta segunda restauración, na que se obteñen xa os dous vasos, empréganse algúns fragmentos soltos que De la Iglesia deixara fora da restauración inicial.

O contacto con Santiago de la Iglesia e os traballos efectuados sobre os vasos campaniformes da súa colección sérvelle a Pericot para publicar un primeiro artigo sobre arqueoloxía galega (Pericot, 1927). No citado traballo, explica os trámites seguidos para esta restauración e ofrece fotografías dos vasos xa restaurados, xunto a unha detallada descripción dos mesmos. Tenta asemade unha reconstrucción do contexto arqueolóxico a través dos datos ofrecidos polo seu descubridor e da bibliografía precedente, ofrecendo interesantes consideracións sobre o problema do campaniforme en Galicia e subliñando as posibilidades que ofrece para o estudo das relacións atlánticas (Pericot, 1927:

290s). Recentemente, un dos vasos foi obxecto dunha nova restauración (Fernández Ibáñez, 1990).

Outra das liñas de traballo emprendidas por Pericot durante a etapa en Santiago, a escavación no castro de Troña, proporcionalle a posibilidade de colaborar co Seminario de Estudos Galegos, e de xeito especial con Cuevillas. Segundo as afirmacións do prehistoriador catalán, «*con pocos de mis colegas españoles me he sentido más ligado y con pocos habré tenido tanto afecto como por Cuevillas*» (Pericot, 1959-60: 45). Do seu prestixio e resonancia no seo da escola catalana fálanos este mesmo autor: «*En el Seminario del profesor Bosch Gimpera y en las sesiones de la Asociación Catalana de Antropología, sonó pronto el nombre de Cuevillas. Un joven prehistoriador gallego, surgido de la remota Orense, se revelaba ante la general sorpresa como un excelente expositor, conocedor de las modernas teorías y afortunado excavador (...) Cuevillas aparecía como el brillante adalid de una naciente escuela arqueológica, dotada de clara personalidad dentro del movimiento científico español*» (Pericot, 1959-60: 45).

En 1927, Pericot inicia xunto a Isidro Parga Pondal un estudio dos castros da zona de Mondariz, decidindo iniciar a escavación do castro de Troña (Ponteareas, Pontevedra). Na campaña do ano seguinte incorpórarse á escavación Cuevillas, quen colabora con Pericot –entón xa catedrático en Valencia- nun total de tres campañas (1928, 1929 e 1930) (Pericot, 1959-60: 47). Ditos traballos dan lugar a unha serie de publicacións que comezan a aparecer praticamente dende o inicio da actividade (Pericot e Parga Pondal, 1928; Pericot, 1930e; Pericot e López Cuevillas, 1931; Pericot, 1933). Aínda na década dos 70, Pericot reclama a continuación dos traballos en Troña, «*dados los datos que proporcionó en su primera exploración*» (Pericot, 1975: 51).

